

REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 31/05/2022



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

ÍNDICE

1. Introducción	4
2. Definición das instalacións deportivas	4
3. Persoas usuarias	5
3.1. Tipos de persoas usuarias	5
3.2. Dereitos das persoas usuarias	6
3.3. Deberes e obrigas das persoas usuarias	6
4. Solicitude e reserva das instalacións deportivas	8
4.1. Para as persoas físicas	8
4.2. Para as persoas xurídicas e outras entidades	10
5. Normativa de uso específica de cada instalación deportiva	10
5.1. Pavillón de deportes de Elviña	10
5.1.1 Sala de tenis de mesa do pavillón de deportes de Elviña	11
5.1.2 Rocódromo	12
5.1.3 Bádminton	13
5.1.4 Aula de formación do pavillón de deportes de Elviña	14
5.2 Pista polideportiva exterior	14
5.3 Pista de tenis	14
5.4 Pistas de pádel	14
5.5 Pavillón de deportes NORMAL (campus de Riazor)	15
5.6 Estadio de Elviña	15
5.6.1 Pista de atletismo Estadio de Elviña	16
5.6.2 Salas de usos múltiples estadio de Elviña e campus Ferrol	20
5.6.3 Campo de fútbol/rugby de herba natural estadio de Elviña	20
5.6.4 Tatami do estadio de Elviña	21

5.6.5 Salas de musculación de Elviña e Esteiro	22
5.6.6 Sala de tiro con arco	23
5.7 Aula Náutica	24
6. Armarios	27
7. Consideracións disciplinarias	28
8. Prezos polo uso de instalacións deportivas da UDC	30
DISPOSICIÓN ADICIONAL	30
DISPOSICIÓN FINAL	31

1. INTRODUCCIÓN

A Área de Deportes da Universidade da Coruña é o órgano responsable da promoción, organización, execución e difusión das actividades deportivas entre a comunidade universitaria. Entre outras funcións debe xestionar o uso das instalacións deportivas e bens mobles destinados á organización e ao desenvolvemento das actividades deportivas.

Coas limitacións establecidas neste regulamento e a normativa de uso das instalacións deportivas, a Área de Deportes da Universidade da Coruña pon a disposición de calquera persoa física ou xurídica a posibilidade de uso das distintas instalacións deportivas.

Co obxecto de garantir a transparencia na súa xestión e os dereitos das persoas usuarias e fixar os seus deberes e obrigas, cómpre establecer un código común no seu uso polo que se establece o seguinte regulamento de uso das instalacións deportivas da Universidade da Coruña.

2. DEFINICIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Considéranse instalacións deportivas da Universidade da Coruña os espazos e edificios destinados á práctica de actividades físico-deportivas e que se encontran nos diferentes campus da universidade, así como os bens incorporados a calquera delas.

A administración e xestión das instalacións deportivas da Universidade da Coruña correspóndelles á Área de Deportes ou aos organismos que a Universidade dispoña para tal efecto.

Unha vez autorizado o acceso, quen acceda deberá rexerse polas normas xerais de uso e as específicas de cada instalación e servizo. En todo caso, deberán respectar a sinalización, atender as indicacións das/dos responsables das instalacións e gardar as normas elementais de comportamento deportivo.

3. PERSOAS USUARIAS

Poderán usar as instalacións deportivas toda as persoas físicas ou xurídicas autorizadas pola Xerencia ou pola Área de Deportes da Universidade da Coruña, segundo proceder.

A Área de Deportes non se fai responsable dos accidentes ou lesións que poidan acontecer por actuacións negligentes, ademais dos roubos que poidan ter lugar dentro das súas instalacións (existen armarios individuais para deixar os obxectos persoais).

A Universidade da Coruña tampouco se responsabilizará dos accidentes deportivos que poidan sufrir as persoas usuarias non inscritas na oferta deportiva da Área de Deportes cun abono deporte ou un abono matrícula.

3.1. Tipos de persoas usuarias

- Pertencentes á comunidade universitaria co abono deporte:
 - alumnado de calquera dos tres ciclos (grao, máster e doutoramento),
 - persoal docente e investigador (e cónxuxes e fillas/os de entre 15 e 28 anos),
 - persoal de administración e servizos (e cónxuxes e fillas/os de entre 15 e 28 anos),
 - persoal de proxectos e contratos (e cónxuxes e fillas/os de entre 15 e 28 anos),
 - estudantes de programas de intercambio e estudantes de títulos propios con seguro de cobertura de actividades deportivas,
 - Ademais terán a consideración de comunidade universitaria, para os efectos de pagamento do abono deporte, todas as persoas xubiladas dos colectivos de persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos desta universidade.
- Pertencentes á comunidade universitaria sen abono deporte

- Persoa usuaria externa á comunidade universitaria con abono matrícula e inscrición en actividades da Área de Deportes.
- Persoa usuaria externa con acceso ao uso libre de instalacións con entradas individuais ou bonos, ou que se beneficien de convenios de colaboración con entidades ou institucións.

A información sobre as taxas do abono deporte e do abono matrícula pódese consultar na web: <https://www.udc.es/es/deportes/>

3.2. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias terán os seguintes dereitos:

- Usar as instalacións nos termos previstos no presente regulamento.
- Usar os vestiarios e, no caso de ser necesario, a iluminación.
- Presentar por escrito as reclamacións ou cuestións que estimen necesarias.
- Xestionar as súas actividades e reservas a través da plataforma de xestión <https://udcxest.udc.gal/>
- Poderán anular ou modificar o horario da reserva no prazo de 24 horas antes do seu inicio a través da plataforma <https://udcxest.udc.gal/>
- No caso de accidente deportivo, se contan con abono deporte ou abono matrícula teñen dereito ás prestacións sanitarias incluídas nos correspondentes seguros contratados.

3.3. Deberes e obrigas das persoas usuarias

Son deberes das persoas usuarias:

- Rexerse polas normas xerais de uso das instalacións deportivas da Universidade da Coruña e mais polas normas específicas de cada unha delas.
- Colaborar co persoal das instalacións no respecto ás normas de uso destas e atender ás súas indicacións. Este persoal terá potestade para interromper a actividade e para a expulsión da instalación no caso de:

- Non obedecer as súas indicacións.
 - Non respectar as normas xerais do presente regulamento de instalacións deportivas.
 - Non respectar as normas específicas da instalación deportiva.
 - Atentar contra os bens da Universidade, utilizando de xeito indebido, perigoso ou destrutivo as instalacións, o equipamento ou o material deportivo.
 - Comportamentos ou usos indebidos que fagan perigar a integridade física das persoas usuarias.
 - Mostrar síntomas de estar baixo os efectos do alcohol ou outro tipo de drogas.
 - Actos contra o respecto e a convivencia pacífica.
 - Calquera outro comportamento que perturbe o correcto funcionamento das actividades programadas.
- Respectar en todo momento o equipamento deportivo situado nas instalacións deportivas.
 - Presentar para acceder á instalación a documentación ou o método de identificación que en cada caso se especifique (carné universitario, códigos QR ou calquera documento acreditativo da identidade persoal).
 - Respectar o tramo horario concedido para o aproveitamento das instalacións. No caso de non presentarse dentro dos quince minutos seguintes ao horario de reserva, a instalación poderá ser utilizada por outras persoas usuarias tras a autorización da Área de Deportes ou do persoal responsable da instalación nese momento.
 - Cancelar ou modificar as reservas dentro dos prazos establecidos. De non facelo así, serán sancionadas cun mes de suspensión no uso das instalacións deportivas da UDC.
 - No caso de cancelar a reserva nos prazos definidos no punto anterior, poderase solicitar de novo a instalación baixo as mesmas condicións de uso dentro dos prazos establecidos.
 - Usar a vestimenta deportiva, así como o calzado deportivo que corresponda e que sexa acorde coa superficie de xogo.
 - Non está permitido comer nin fumar nos recintos deportivos.

- Non se permitirá o acceso ás instalacións deportivas con bebidas alcohólicas ou outro tipo de drogas. Tampouco con obxectos contundentes e todos aqueles que poidan ser considerados como perigosos para o resto das persoas usuarias ou poidan causar estragos nas instalacións ou no seu equipamento.
- Estarán prohibidos comportamentos delituosos e a utilización de símbolos e pancartas que inciten á violencia.
- Nas instalacións deportivas universitarias está prohibido entrar con animais de compañía, agás os cans guía.

Todo o que non se axuste á presente normativa requirirá a autorización ou supervisión expresa do persoal responsable da Área de Deportes.

4. SOLICITUDE E RESERVA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

A autorización para o uso das instalacións deportivas da Universidade subordinarase, en todo caso e por esta orde, ás necesidades da Área de Deportes e ás necesidades de docencia propias do funcionamento da Universidade.

Haberá que contar coa autorización da Xerencia da UDC, co informe positivo da Área de Deportes para a reserva e uso das instalacións deportivas nos seguintes casos:

- Realización doutro tipo de actividades deportivas fóra do uso deportivo habitual da instalación.
- Realización doutro tipo de actividades non deportivas non recollidas dentro da normativa de uso específica de cada instalación.

4.1. Para as persoas físicas

A solicitude farase cun máximo de sete días naturais de antelación (para os efectos de contabilizar o prazo de reserva non se contará o día no que se fai a dita reserva). Só en casos excepcionais, algún tipo de evento deportivo, campionato, probas de valoración, etc. non será necesario respectar este prazo e poderase reservar a instalación coa anterioridade que sexa necesaria logo da autorización deste procedemento pola Área de Deportes.

A mesma persoa só poderá formalizar unha solicitude de cada vez. Logo de utilizar a instalación, poderá reservala para outro día.

Esta norma poderá variar en función da demanda de uso de cada instalación.

Estas reservas de persoas físicas realizaranse a través da plataforma de xestión udcxest.udc.gal. A reserva só será efectiva cando a persoa solicitante execute o pagamento a través da pasarela da dita plataforma ou outros medios implantados, ou sempre que sexa unha instalación de uso gratuíto.

Con carácter xeral, para acceder á instalación e facer uso dela será necesario presentar nese momento a seguinte documentación:

- No caso de membros da comunidade universitaria: carné universitario físico ou virtual (de todas as persoas usuarias). No caso de que quen solicite sexa unha persoa allea á Universidade da Coruña: presentará o seu DNI, o carné de conducir ou o pasaporte, ademais da copia do documento de reserva.
- O bono de sesións, nos casos especificados nos prezos por uso das instalacións deportivas.
- Calquera outro método de identificación de accesos implantado, caso dos códigos QR.

Con carácter específico, para acceder e facer uso de cada instalación deportiva cómpre respectar a normativa de uso específica de cada unha delas.

O acceso ás instalacións deportivas universitarias supón aceptar as normas contidas neste regulamento.

No caso de existir algún tipo de convenio específico para o uso das instalacións deportivas da Universidade da Coruña, a solicitude, acceso e uso da instalación axustarase ao recollido nel. Esta normativa rexerá para todo o non recollido no devandito convenio.

4.2. Para as persoas xurídicas e outras entidades

Deberán empregar este procedemento de solicitude e reserva todas as entidades que queiran facer uso da instalación destinado a calquera tipo de evento deportivo colectivo (competicións, exhibicións, probas de aptitude física, adestramentos etc.).

O procedemento para a solicitude e reserva do uso das instalacións deportivas será o que está determinado nas Normas de uso de bens de dominio público da Universidade da Coruña.

Deberán encher a solicitude dirixida á Xerencia que se atopa no enderezo https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/_galeria_down/xerencia/servizos/patrimonio_inventario/solicitudeseuso.doc_2063069239.doc e enviala ao correo electrónico inventario@udc.gal

O acceso ás instalacións deportivas universitarias supón aceptar as normas contidas neste regulamento.

No caso de existir algún tipo de convenio específico para o uso das instalacións deportivas da Universidade da Coruña, a solicitude dirixirase á Área de Deportes da UDC nos termos establecidos no devandito convenio. Esta normativa rexerá para todo aquilo que non estea recollido nel.

5. NORMATIVA DE USO ESPECÍFICA DE CADA INSTALACIÓN DEPORTIVA

5.1. Pavillón de deportes de Elviña

- O tempo máximo por solicitude ou colectivo será de 2 horas, agás autorización expresa da Área de Deportes.
- O número máximo e mínimo de xogadoras/es, en función do deporte que se vaia practicar, será o seguinte:

	Máximo	Mínimo
Fútbol sala	24	8
Baloncesto	24	8
Voleibol	24	10
Balonmán	24	14

- O uso dun terzo da cancha só será posible para xogar ao baloncesto, ao voleibol ou ao bádminton.
- No caso do bádminton o sistema de cesión será mediante a reserva dun terzo de pista. O número máximo de xogadoras/es por solicitude serán 4 e o mínimo 2.
- Non se permitirá o acceso ao pavillón con calzado de sola negra ou que deixe marcas no chan.
- O público no interior do pavillón está limitado á zona de bancadas, de modo que non poderá ocupar a zona de vestiarios nin a de bancos.
- No caso de ter solicitada a pista completa e non chegar ao número mínimo de persoas usuarias procederase da seguinte forma:
 - Fútbol sala, baloncesto e balonmán: cando pertencen á comunidade universitaria co abono deporte, e sempre que sexa posible, cederáselles a polideportiva exterior coas condicións de reserva propias da pista. No caso de que a pista exterior estivese ocupada nese momento perderán a reserva. O resto de persoas usuarias perderán a reserva directamente.
 - Voleibol: cando pertencen á comunidade universitaria co abono deporte, poderán solicitar a cancha para outro día. O resto de persoas usuarias perderán a reserva directamente.

5.1.1. Sala tenis de mesa do pavillón de deportes de Elviña

- O número máximo de persoas na sala é de 8 persoas
- O número máximo de horas será de 2 por solicitude.
- O número máximo de persoas que poden usar a instalación por solicitude é de 4.
- A cesión da sala inclúe mesas e redes. As pas e pelotas non están engadidas na cesión de uso.
- Será obrigatorio o uso da vestimenta e o calzado deportivo axeitado á modalidade que se vai realizar e á superficie da instalación.

5.1.2. Rocódromo

- Só poderán usar a instalación os seguintes grupos de persoas:
 - Universitarias/os, sempre que estean entre algún dos seguintes casos:
 - Que sexan aptas/os no curso de iniciación/perfeccionamento de escalada organizados pola Área de Deportes da Universidade da Coruña, ou que fixeran outro tipo de curso de escalada que estea homologado pola Área de Deportes.
 - Que teñan algún título/curso de escalada homologado pola Federación Española de Montañismo, as respectivas federacións autonómicas ou o MEC.
 - Que presenten un certificado da Federación de Montañismo (española ou autonómica) no que conste que a persoa é apta para a práctica de escalada deportiva en rocódromo con corda.
 - Que superen a proba de nivel feita pola Área de Deportes.
 - Non universitarias/os que teñan vixente a correspondente licenza da Federación Española de Montañismo ou as

respectivas federacións autonómicas (con cobertura de riscos en escalada en rocódromo *indoor*).

- A documentación solicitada, deberá presentarse a través da plataforma udcxest.udc.gal no momento da solicitude da instalación.
- O uso da instalación é responsabilidade do/da solicitante, quen asume as responsabilidades derivadas do seu comportamento.
- As persoas usuarias deberán acreditarse de forma axeitada á entrada da instalación amosando a licenza federativa no caso de seren federadas.
- O tempo máximo por solicitude é de 3 horas.
 - Os colchóns “quitamedos” deberán estar colocados no chan, xunto á parede e debaixo do/a escalador/a en todo momento.
- Para poder pasar a liña vermella de seguridade o/a escalador/a deberá estar asegurado/a por un alguén en todo momento, utilizando o dispositivo de seguridade axeitado.
- Cando o/a escalador/a sexa o primeiro en realizar a vía, deberá usar *cintas express* para asegurarse e non poderá saltarse ningún dos puntos (chapas) para a dita finalidade.
- É obrigatorio usar a *cinta express* como medida de seguridade no caso de traballar nunha vía coa corda por enriba (“*top rope*”).
- O material específico de escalada será propio das persoas usuarias e utilizarase baixo a súa responsabilidade.
- É obrigatorio o uso de magnesio e dos pés de gato co fin de preservar as presas nas mellores condicións.
- Non se poderá modificar, reapretar ou manipular a posición ou situación das presas ou outros elementos do rocódromo baixo ningún concepto.

5.1.3. Bádminton

- O tempo máximo por solicitude é de 2 horas.
- O número máximo de persoas que poden usar a instalación é de 4.

- Non se permitirá o acceso ao pavillón con calzado de sola negra ou que deixe marcas no chan.
- O público no interior do pavillón está limitado á zona de bancadas, de modo que non poderá ocupar a zona de vestiarios nin a de bancos.
- A montaxe dos postes e redes será realizada polas persoas usuarias baixo a supervisión do persoal de conserxaría da instalación.

5.1.4. Aula de formación do pavillón de Deportes

O uso da aula do pavillón de deportes restrinxirase a actividades de carácter docente relacionadas coas actividades deportivas.

A cesión para entidades externas rexerese polas Normas de uso de bens de dominio público da Universidade da Coruña.

5.2. Pista polideportiva exterior

- Os usos da pista polideportiva son preferentemente fútbol sala, balonmán e baloncesto. Para outro tipo de actividades deberá consultalo coa Área de Deportes da UDC.
- O número máximo de persoas en pista será de 24
- O tempo máximo por solicitude ou colectivo é de 2 horas.

5.3. Pista de tenis

- O tempo máximo por solicitude ou colectivo é de 2 horas.
- O número máximo de persoas en pista é de 4.
- Só poderán ter acceso á pista as persoas usuarias relacionadas coa reserva.

5.4. Pistas de pádel

- O tempo máximo de reserva será de 2 horas.

- O número máximo de persoas que poden usar a instalación é de 4.
- Só poderán ter acceso á pista as persoas usuarias relacionadas coa reserva.
- Deberase levar o calzado deportivo adecuado.
- Tanto as pas como as pelotas empregadas deberán ser de pádel.
- As persoas usuarias deberán identificarse co seu código QR para activar a apertura das portas e o acendido das luces.
- Unha vez concluído o tempo de xogo, as persoas usuarias deberán abandonar as pistas, recoller todas as súas pertenzas e pechar as portas de acceso. O feito de non pechar as portas suporá unha infracción sancionable.
- No caso de encontrar as portas abertas, é necesario rexistrar igualmente o código QR para que quede marcada a asistencia (e non haxa sanción) e para que se acendan as luces.

5.5. Pavillón de deportes NORMAL (campus de Riazor)

- O tempo máximo por solicitude ou colectivo será de 2 horas agás autorización expresa da Área de Deportes.
- O número máximo e mínimo de xogadores/as, en función do deporte que se vai practicar, será o seguinte:

Deporte	Cancha enteira	
	Máximo	Mínimo
Fútbol sala	24	8
Baloncesto	24	8
Voleibol	24	12
Balonmán	24	14

- Non se permitirá o acceso ao pavillón con calzado de sola negra ou que deixe marcas no chan.
- O público no interior do pavillón está limitado á zona de bancadas, de modo que non poderá ocupar a zona de vestiarios nin a de bancos.

5.6. Estadio de Elviña

5.6.1 Pista de atletismo do estadio de Elviña

Determinanse os seguintes tipos de persoas usuarias:

- a) Pertencentes á comunidade universitaria co abono deporte en vigor.
- b) Persoas usuarias externas particulares que fan un uso individual da pista. Poderán acceder con entradas dun uso ou abonos de dez usos que adquirirán a través da plataforma UDCXEST (<https://udcxest.udc.gal/>).
- c) Entidades deportivas ou de calquera outro tipo que desexen facer un uso colectivo da instalación. Deberán cubrir a solicitude dirixida á Xerencia que se atopa no enderezo:

https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/galeria_down/xerencia/servizos/patrimonio_inventario/solicitudedeuso.doc_2063069239.doc e envíala ao correo electrónico inventario@udc.gal.

Á marxe dos sistemas de control de acceso implantados na instalación, e por solicitude do persoal da instalación, os diferentes tipos de persoas usuarias deberán presentar a documentación que corresponda segundo o caso:

- a) Tarxeta universitaria co abono deporte
- b) Abono de dez usos
- c) Entrada individual
- d) Autorización do Servizo de Inventario e Patrimonio da UDC
- e) Licenza federativa
- f) Documento acreditativo da identidade (DNI, pasaporte ou carné de conducir)

CARREIRAS

A dirección de carreira na pista será de xeito obrigado a que deixe a corda da pista á esquerda. No tocante á utilización das rúas, respectaranse as seguintes indicacións:

- a) As rúas 1 e 2 quedan reservadas para os adestramentos de series superiores a 500 m.

As/os adestradoras/es ou atletas comunicarán o uso destas rúas ao persoal da instalación antes do comezo do adestramento.

b) As rúas 3, 4 e 5 quedan reservadas para series de velocidade de até 500 m. Empregarase prioritariamente a contrarrecta. En calquera caso, a zona de adestramento poderá ser sinalada polo persoal da instalación.

c) As rúas 6 e 7 están reservadas para os adestramentos de probas de valados.

d) A rúa 8 resérvase para o adestramento de técnicas de rodaxes longas.

SALTOS DE LONXITUDE E TRIPLO SALTO

Os adestramentos de lonxitude e triplo salto faranse nos foxos da contrarrecta. Os foxos da meta só se utilizarán para competicións oficiais.

As/os adestradoras/es e atletas serán responsables de achaiar a zona da caída e varrer a area do perímetro do foxo logo de rematar o adestramento.

SALTO DE ALTURA E DE PÉRTEGA

Poderán solicitar o emprego do material necesario os clubs de atletismo usuarios da instalación, que comunicarán a listaxe de adestradoras/es ou atletas de cada unha destas disciplinas á Área de Deportes. En calquera caso, antes do adestramento terán que notificar este uso ao persoal da instalación.

Os adestramentos realizaranse na media lúa en que se atopen instalados os colchóns para estas probas. Poderán facerse con ou sen zapatillas de cravos.

As/os adestradoras/es responsabilizaranse da correcta fixación dos saltómetros de pértega cos parafusos de seguridade. Os clubs e atletas serán responsables dos danos que poidan causarse, tanto físicos como materiais.

LANZAMENTOS

Os lanzamentos de peso efectuaranse exclusivamente na zona habilitada para tal efecto no perímetro exterior á pista. Só se autorizarán de maneira excepcional os lanzamentos ao campo de céspede en competicións oficiais de máxima categoría.

Os lanzamentos de disco ou martelo só se autorizarán en competicións oficiais e sempre e cando a gaiola teña a rede levantada e as portas de saída colocadas para limitar os sectores correspondentes.

Os lanzamentos de xavelina só se realizarán en competicións oficiais. Excepcionalmente, poderán facerse lanzamentos curtos de iniciación e técnica de xavelina, sempre baixo a tutela dos/das adestradores/as, na parte lateral de herba da contrarrecta, por fóra do valo.

Para isto será necesario presentar unha solicitude expresa dirixida á Área de Deportes da UDC, que será a que determine se se cumpren os criterios axeitados de seguridade na zona.

As/os atletas deberán acreditar a súa experiencia nestes lanzamentos, alén de se faceren responsables dos danos que poidan causar, tanto físicos como materiais.

MATERIAL DEPORTIVO

O acceso á pista farase con indumentaria e zapatillas deportivas, tamén no caso dos/das adestradores/as e do persoal técnico acreditado. Non se permite que as persoas usuarias circulen polas dependencias interiores do estadio (corredores, aseos, vestiarios...) co torso descuberto.

Os cravos das zapatillas que os levan terán unha lonxitude máxima de 6 mm. Non están permitidos os cravos de tipo agulla.

Poderán solicitar material de atletismo para os seus adestramentos aqueles membros da comunidade universitaria que acrediten esta condición cuxo abono deporte se atope en vigor. Para isto cumprirá que fagan a corresponde solicitude nas oficinas da Área de Deportes da UDC.

A autorización será por curso académico e o uso do material persoal e intransferible.

As persoas usuarias faranse responsables do material que se lles empreste, así como dos danos que poidan causar, tanto físicos como materiais.

a) Valados

Os valados poderán empregarse para adestramentos e probas, ou ben en calquera tipo de exercicio de multisaltos.

Non se poderán usar os obstáculos agás en carreiras ou probas oficiais. Nos adestramentos utilizaranse os mesmos valados que no resto das probas. Nos exercicios de multisaltos será posible servirse das dúas medias lúas e o corredor de saltos.

b) Tacos de saída

Haberá que prestar especial atención á colocación e á retirada dos tacos para evitar que a pista se deteriore. Cómpre colocalos e levantalos verticalmente.

Para series de velocidade, os tacos de saída deberán colocarse desde a saída dos 110 m ou 100 m, nunha posición descentrada respecto ao eixe da rúa, para evitar que esta se estrague pola parte central.

c) Arrastres

Poderán utilizarse arrastres, sempre que os elementos estean deseñados cunha superficie de contacto lisa, puída e curva que non degrade o pavimento da pista. A homologación dos ditos elementos de adestramento será supervisada polo persoal técnico de deportes da UDC co obxecto de validar o seu uso.

Empregaranse na contrarrecta ou noutra zona habilitada, amais de polas rúas 6 e 7, prestando especial coidado por se hai valados colocados.

En calquera caso, poderá restrinxirse o seu uso segundo o estado de degradación da pista.

USO DO CAMPO DE CÉSPEDE

Sempre que as condicións do estado do campo o permitan e o persoal da instalación non sinale a correspondente prohibición, o campo poderá empregarse para facer carreira continua.

O uso terá lugar polo perímetro exterior do campo, nunha marxe de 4 metros das bandas e dos fondos.

Non está autorizada a realización de series, progresións e cambios de ritmos ou dirección.

Non se permite o uso das bancadas do público para adestramentos.

Non está permitido comer en ningún lugar da instalación nin acceder con envases de vidro.

Non se permite a entrada á instalación de ningún tipo de animal, agás no caso de cans de guía.

O uso da pista, incluída a recollida do material de adestramento, rematará 30 min antes do peche da instalación.

O incumprimento destas normas, en especial no tocante ao uso indebido de acreditacións, medios de acceso, distribución de rúas, material etc., así como a desobediencia das indicacións do persoal da instalación, levará consigo a apertura do correspondente expediente sancionador e as

medidas disciplinarias recollidas no punto 7 deste regulamento de uso de instalacións deportivas da UDC.

A UDC resérvase o dereito de modificar este regulamento, sen aviso previo, cando as necesidades da instalación o requiran.

5.6.2. Sala de usos múltiples estadio de Elviña e sala de actividades do campus de Esteiro

- O uso desta sala está restrinxido a actividades organizadas pola Área de Deportes da UDC, así como á docencia universitaria.
- O número máximo de persoas usuarias para a concesión da instalación será de 30 en Elviña e 20 no campus de Esteiro.
- Será obrigatorio o uso da vestimenta e o calzado deportivo axeitados á modalidade que se vai realizar e á superficie da instalación: zapatillas deportivas limpas e que non teñan sola negra, zapatillas de *fitness*, danza ou sen calzado.
- O uso da instalación non inclúe o uso do material deportivo ou calquera outro tipo de material da UDC. No caso de querer usar algún material deportivo da UDC deberá facerse unha solicitude expresa e xustificada á Área de Deportes.
- Non se permite a entrada na sala de usos múltiples con bolsas ou mochilas; será obrigatorio o uso dos armarios individuais nestes casos.

5.6.3. Campo de fútbol/rugby de herba natural do estadio de Elviña

- A autorización para o uso do campo de herba natural subordinarase, en todo caso, e por esta orde, ao estado de conservación do terreo de xogo, ás necesidades da Área de Deportes e ás necesidades de docencia propias do funcionamento da Universidade.
- Debido ás devanditas características de conservación tan só se concederá o uso a grupos específicos para o desenvolvemento daquelas actividades que dada a súa importancia (competicións

- oficiais, etc.) se consideren dentro do plano de uso da instalación, e aqueles clubs ou colectivos beneficiarios de convenios de colaboración con outras administracións públicas ou entes deportivos.
- O número máximo e mínimo de xogadoras/es en función da especialidade será o seguinte:
 - Fútbol 11: 36 máximo e 22 mínimo.
 - Fútbol 7: 24 máximo e 14 mínimo.
 - Rugby 15: 44 máximo e 30 mínimo.
 - Rugby 7: 24 máximo e 14 mínimo.
 - No caso de non chegar ao número mínimo, as persoas usuarias perderán a reserva directamente.
 - Sempre que sexa posible, non se pisará a pista de atletismo coas botas de fútbol.
 - Para o acceso aos vestiarios será obrigatorio que as botas estean limpas co fin de manter o resto da instalación nas mellores condicións posibles. Estas poderán limparse nos limpabotas instalados na entrada ao edificio dos vestiarios.
 - Está terminantemente prohibido limpar as botas contra a parede ou portas.
 - As/os xogadoras/es reserva e o público permanecerán no banco e as bancadas respectivamente. Queda prohibida a entrada ao céspede daquelas persoas alleas ao xogo.

5.6.4. Tatami do estadio de Elviña

- Será obrigatorio o uso da vestimenta completa (pezas de arriba e de abaixo) e axeitada para a modalidade deportiva ou actividade e tamén á superficie da instalación. Non se poderá entrar con calzado na sala.
- O uso da instalación non inclúe o uso do material deportivo ou calquera outro tipo de material da UDC. No caso de querer usar o material deportivo da UDC deberá facerse unha solicitude expresa á Área de Deportes.

- Non se permite a entrada no tatami con bolsas ou mochilas; será obrigatorio o uso dos armarios individuais nestes casos.
- Non está permitido o uso de material deportivo propio sen previa consulta á Área de Deportes.
- Terase especial coidado no uso de elementos deportivos que poidan causar dano o pavimento.

5.6.5. Sala de musculación do estadio de Elviña e campus de Esteiro

- Será obrigatorio presentar a acreditación de usuario/a ante o persoal responsable da sala ao entrar nela.
- Todas as persoas usuarias deberán devolver ao seu lugar orixinal o material utilizado. As barras deberán quedar sen discos e recollidas no soporte que corresponde. O material será utilizado co máximo respecto e coidado (as persoas usuarias serán responsables dos danos provocados polo seu mal uso).
- Non está permitido sobrecargar as máquinas con ningún tipo de pesos adicionais nin o uso de materiais auxiliares sen o consentimento do persoal responsable da sala de musculación.
- O número máximo de persoas usuarias é de 45 na sala de Elviña e 49 na sala de Ferrol. Non se permitirá a entrada de máis xente no caso de chegar a ese número.
- No caso de acumulación de xente, o tempo de estancia máxima na instalación é de 90 minutos e o tempo máximo de uso das máquinas cardiovasculares é de 30 minutos (sempre a criterio do persoal responsable da instalación).
- O incumprimento desta normativa suporá a expulsión da instalación sen prexuízo das posibles medidas disciplinarias que se establezan ao respecto nas normativas de uso de instalacións da UDC.
- É obrigatorio o uso de toalla.
- Non está permitido comer dentro da sala de musculación.

- Prohíbese o acceso á sala de musculación sen calzado, con chanquetas ou calzado que proveña usado da rúa ou sucio, botas de tacos, zapatillas de cravos de atletismo, ou outro que sexa considerado inadecuado polo persoal responsable da instalación.
- Non se permite a entrada na sala de musculación con bolsas ou mochilas, senón que será obrigatorio o uso dos armarios individuais nestes casos.
- O persoal responsable da sala de musculación, como delegado da Área de Deportes, será o encargado de regular e organizar o tránsito das persoas e grupos na sala e de garantir as condicións de uso apropiado das máquinas e aparatos da instalación.

5.6.6. Sala de tiro con arco do estadio de Elviña

- Poden utilizar a sala de tiro con arco as persoas acreditadas como usuarias dela ou as que participen nunha actividade con monitor/a autorizado/a pola Área de Deportes.
- Poderán usar a sala aquelas persoas que estean federadas polo Club Universitario de Tiro con Arco da Universidade da Coruña.
- Tamén poderán facer uso as persoas con experiencia acreditada, que formen parte da comunidade universitaria da UDC e que estean en posesión dunha licenza federativa que cubra o risco de accidente na práctica do tiro con arco (aínda que pertencen a outro club). Deberán enviar a solicitude cunha copia da licenza, así como o seu *currículum* deportivo dos tres últimos anos, á Área de Deportes infodeportes@udc.gal.
- Establécese unha capacidade de 12 deportistas a un tempo, para poder usar as 3 rúas de 18 metros existentes. No caso de existir unha capacidade maior, deixaríase de usar a rúa de 18 metros da dereita para poder usar as 4 dianas de tiro a 1 metro.
- É obrigatorio, en todo o momento, seguir as indicacións do persoal da instalación.

- Debe accederse á sala con roupa e calzado deportivo adecuado e limpo.
- Recollerase o material utilizado e deixarase nas mellores condicións para quen acceda a continuación. Os arcos e as frechas de iniciación son material de uso exclusivo para os membros da Escola de Tiro con Arco da Universidade da Coruña. As/os arqueiras/os federadas/os terán que traer o seu material ou constar a súa inscrición na devandita escola.
- Baixo ningún concepto se poderá sacar da instalación material da sala de tiro con arco sen a autorización do persoal responsable da sección ou do persoal técnico da Área de Deportes da Universidade da Coruña.

5.7. Aula Náutica

A Aula Náutica é una instalación universitaria de uso polivalente, na cal se poden desenvolver diferentes tipos de actividades:

5.7.1 Tipoloxía:

Engloba varias salas e espazos deportivos repartidas en tres andares:

Soto:

- Pañol e acceso ao pantalán

Baixo:

- Aula Xénova: usada habitualmente para impartición de actividades de mellora da condición física organizadas pola Área de Deportes.
- Aula Maior: principalmente destinada á realización de eventos, xornadas, etc...

Planta primeira:

- Aula Spinaker: aula de formación permanente
- Aula Mesana: aula para grupos reducidos

USOS:

Actividade docente e investigadora:

Por parte de persoal docente e investigador que imparte prácticas e sesións teóricas nas aulas de materias incluídas nos plans de estudo relacionados co contorno náutico-marítimo.

Oferta deportiva:

A Aula Náutica, a través da Área de Deportes, estende a oferta náutica á sociedade, cumprindo os obxectivos propios da extensión universitaria.

Na Aula Náutica organízase parte do programa de ocio e saúde da UDC.

Outros servizos ou centros académicos da UDC non poderán solicitar a instalación ou embarcacións para organizar actividades deportivas paralelas ás xa ofertadas.

Poderanse organizar actividades de formación deportiva e eventos, ben directamente desde a Área de Deportes, ben desde outros servizos e centros da UDC ou entidades externas.

As persoas interesadas deberán cubrir a solicitude dirixida á Xerencia que se atopa no enderezo:

https://www.udc.es/export/sites/udc/goberno/galeria_down/xerencia/servizos/patrimonio_inventario/solicitudeseuso.doc_2063069239.doc e envíala ao correo electrónico inventario@udc.gal para a súa autorización.

As solicitudes para eventos propios dos centros da UDC estarán exentas das correspondentes taxas fixadas no citado regulamento.

O uso será compatible coa actividade docente e as actividades programadas previamente.

Uso libre de material náutico:

Poderase realizar uso libre de certas embarcacións deportivas (kaiaks, *paddle surf*).

Para poder usar o material náutico da UDC será imprescindible que todas as persoas usuarias pertencen á comunidade universitaria con abono deporte en vigor, e aboar as correspondentes tarifas de cada material náutico.

Os horarios de uso serán restrinxidos á dispoñibilidade horaria do persoal de mariñeiría da instalación.

O movemento da embarcación desde o seu lugar de estiba, e tras finalizar a actividade, adozamento e volta ao seu lugar de almacenamento correrá a cargo da persoa usuaria coa supervisión do mariñeiro da instalación.

A correspondente solicitude farase a través da plataforma de xestión de actividades UDCXEST (<https://udcxest.udc.gal/>)

Previamente, terase que acreditar ante a Área de Deportes polo mecanismo que se implante, a experiencia no manexo das ditas embarcacións.

A UDC creará unha relación de persoas usuarias autorizadas para o uso do material náutico, na que será necesario figurar para poder realizar as reservas.

Para poder realizar a actividade libre será imprescindible saber nadar (requirirase unha declaración xurada no momento da solicitude).

O uso do chaleco salvavidas será obrigatorio durante todo o transcurso da actividade.

O espazo de navegación será limitado e informado polo mariñeiro do centro antes da saída ao mar. Este poder será modificado polo persoal do centro dependendo das circunstancias atmosféricas, tráfico portuario etc.

Independentemente da data de reserva, o uso da instalación estará supeditado ás condicións meteorolóxicas do momento, as cales serán valoradas polo persoal de mariñeiría do centro, quen en última instancia autorizará ou non a saída ao mar.

A reparación de calquera estrago ocasionado por un mal uso ou imprudencia será por conta de quen o cause.

Control de acceso:

Queda prohibido o acceso á instalación a calquera persoa allea á xestión do centro non autorizada previamente.

Non se poderán realizar actividades nin acceder ao uso do material náutico fóra do horario de apertura da instalación e sen solicitalo previamente ao órgano de xestión da instalación.

Calquera cambio no persoal docente ou monitoras/es de actividades será comunicado con suficiente antelación polo persoal responsable dos centros académicos ou empresas.

Procedemento para o uso e control do equipamento náutico:

O uso do material náutico estará supervisado por persoal técnico da Área de Deportes e o persoal de mariñeiría do centro.

Actividade docente:

Calquera centro académico da UDC poderá solicitar o uso destas instalacións e do equipamento náutico, sempre que se xustifique a actividade docente propia da UDC, a cualificación do profesorado para a docencia náutica das distintas disciplinas e os correspondentes títulos para o manexo de embarcacións deportivas.

O persoal responsable dos centros académicos enviarán á Área de Deportes as necesidades de espazos e material náutico para a dita docencia do seguinte curso académico.

Actividades náuticas e campamentos:

As empresas contratadas para o desenvolvemento destas actividades presentarán á Área de Deportes, xunto co proxecto da actividade, as necesidades materiais.

6. Uso dos armarios individuais

- Non se permite entrar con mochilas ou macutos nas salas. Existen armarios de uso individual para deixar as pertenzas.
- Deberá evitarse gardar obxectos de valor nos armarios. En ningún caso a Área de Deportes da UDC se responsabilizará da perda ou subtracción destes.
- Prohíbese depositar nos armarios substancias inflamables, tóxicas, perigosas, perecedoiras ou ilegais.
- O acceso ao armario realizarase mediante o uso da correspondente chave. En caso da perda desta, debe notificarse ao persoal da

instalación (a persoa usuaria correrá cos gastos de reposición da chave).

- A persoa usuaria deberá deixar libre o armario diariamente, retirando os obxectos depositados nel unha vez finalizado o uso e sempre antes do remate da xornada.
- Todos os armarios se abrirán ao finalizar a xornada e retiraranse os obxectos que poidan ter.
- O horario de utilización dos armarios será o do funcionamento das instalacións deportivas podendo variar dependendo de períodos lectivos ou non lectivos, festividade ou similares.
- O uso dun armario implica a aceptación íntegra desta normativa por parte da persoa usuaria.

7. CONSIDERACIÓNS DISCIPLINARIAS

A Área de Deportes da Universidade da Coruña velará para que se teñan en conta as normas contidas no presente documento e adoptará medidas para favorecer a práctica deportiva, o uso das instalacións e os servizos que ofrece. Así, o persoal da UDC poderá expulsar ou denegar o acceso ás instalacións a aquelas persoas que non respecten algunha das normas contidas neste regulamento ou que sexan causantes de accións que poñan en perigo a práctica deportiva.

En xeral, serán obxecto de sanción os seguintes comportamentos:

- Non respectar as normas do presente regulamento de instalacións deportivas.
- Non respectar as normativas específicas sanitarias propias da UDC ou dos organismos competentes nesta materia.
- Atentar contra os bens da Universidade, coa utilización indebida, perigosa ou destrutiva das instalacións, equipamento ou material deportivo.

- Comportamentos ou usos indebidos.
- Actos contra o respecto e a convivencia pacífica (roubos, agresións etc.)
- Comportamento inadecuado ou irrespectuoso das persoas usuarias co persoal das instalacións ou con outras persoas usuarias.
- Calquera outro comportamento que perturbe o correcto funcionamento das actividades programadas.
- Falsificación, modificación ou cesión para un uso inadecuado da documentación necesaria para solicitar e utilizar as instalacións deportivas da Universidade da Coruña.
- Non asistir a unha instalación no horario reservado sen xustificación e aviso previo.

A violación destas normas será motivo da interrupción instantánea da actividade e da expulsión das instalacións de quen sexa responsable do feito, sen prexuízo das accións disciplinarias derivadas do comportamento que motive a expulsión.

A responsabilidade nestes casos será esixida:

- Quen sexa causante/s directamente da acción, en caso de coñecerse con seguridade a súa identidade, corroborada por testemuñas.
- Ao persoal responsable/delegado do colectivo, se non existise coñecemento da identidade de quen sexa causante/s directamente da acción.

Por estes feitos poderanse adoptar as seguintes medidas:

- Desposuír a persoa dos seus dereitos como abonado/a da Área de Deportes.
- Esixir as responsabilidades que a Universidade da Coruña determine polos danos producidos ao seu patrimonio.

- Impedir o acceso ás instalacións deportivas ou a participación en calquera actividade programada pola Área de Deportes da Universidade da Coruña.
- No caso de non asistir a unha instalación no horario reservado sen xustificación nin aviso previo, o/a solicitante será sancionado/a cun mes de sanción sen posibilidade de reserva de calquera instalación deportiva da Universidade da Coruña.

8. PREZOS POLO USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DA UDC

Con carácter xeral existen as seguintes condicións:

- Para que quen pertenza á comunidade universitaria obteña gratuidade no uso da instalación será necesario que todas/os presenten o Abono da Área de Deportes da Universidade da Coruña. No caso de que algunha das persoas usuarias non pertenza á comunidade universitaria ou non teña abono deporte, terán que abonar o prezo por uso de instalacións correspondente a persoas alleas á comunidade universitaria.

Os prezos polo uso das instalacións deportivas da Universidade da Coruña son os recollidos no Anexo III das Normas de uso de bens de dominio público da UDC que se poden consultar no seguinte enlace:

https://www.udc.es/gl/goberno/equipo_reitoral/xerencia/servizos/control-interno/inventario-e-patrimonio/

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Facúltase á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento da presente normativa.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.